



Marzo de 2012

## APUNTAMENTOS SOBRE POLÍTICA EDUCATIVA

*O pasado 17 de setembro, NEG levou a cabo en Compostela unha xornada interna de debate sobre política educativa. Nas seguintes liñas achéganse -por se fosen de interese- algúns apuntamentos do que alí se tratou.*

### PROXECTO ABALAR

O pasado curso iniciouse o proceso de implantación do que no Estado deu en chamarse Escuela 2.0, e que en Galicia adoptou o alcume de "Abalar". No curso 2010-11 Galicia inicia a súa participación nunha primeira fase, seleccionando cerca de 300 centros, cun reparto desigual en distintas comarcas en canto a centros públicos e privados. Cómpre destacar a zona de Ferrol onde unha maioría dos escollidos foron do sector privado-concertado.

Os criterios e a convocatoria foron no seu momento polémicos pola falla de información en canto aos aspectos técnicos que se tiñan que cumprir para poder solicitar a participación. Ademais, os prazos promeados non se cumpriron, tanto na entrega de material como na formación do profesorado. Esta, ademais, sufriu cambios de programación tanto no tocante ao deseño das actividades como ao calendario e organización do profesorado implicado. A carga de traballo a que se viron sometidos os coordinadores TIC dos centros Abalar e as responsabilidades que se lles atribuíron complicaron moito o proceso.

En resumo, as presións e o interese da Administración por que o proxecto acadase unha repercusión mediática estivo por riba da coordinación, da formación e da organización dos centros educativos, complicando en gran medida unha implantación coherente e racional.

Ante as presións e o malestar do profesorado e dos centros participantes na primeira fase, a Consellería propuxo uns criterios máis transparentes para a selección de novos centros para o vindeiro curso, formulando que, ademais de dotar os cursos de 6º de EP e 2ª da ESO naqueles centros que xa estaban na rede Abalar, se dotasen 40 novos centros de toda Galicia. Pero por razóns algo estrañas, aínda non aclaradas, a Consellería acordou ampliar a última hora a 77 centros.

Para a formación do profesorado hai unha planificación mellor artellada (sobre o papel) que o ano pasado, pero non se solucionaron problemas xurdidos no proceso que poden volver complicar a situación; como por exemplo, definir dunha vez o papel dos coordinadores/as TIC dos centros. Finalmente queda unha dúbida importante no aire ao producirse un cambio nas estruturas de formación da Consellería, moi mediatizadas polo proxecto Abalar, e onde queda especialmente marxinada a formación en centros e en calquera outra cousa que non sexan TIC ou linguas (e non a galega precisamente).

Ponse de manifesto, xa que logo, a situación caótica que nalgúns casos se viviu nos centros a teor da organización da formación do profesorado participante no proxecto: desinformación nos centros, obrigando a docentes que non tiñan interese por formarse e impedindo que outros si interesados accedesen aos cursos.

- Non é asumido como un proxecto de centro, senón que se ve como algo illado, imposto, ou ben dun sector determinado do profesorado, no que non é posible construír ou reconstruír.
- Percepción do proxecto como proposta económica, cunha formulación industrial, non pedagóxica.





– É excesiva a dotación que se está a enviar aos centros? (notebook para cada neno/a, encerado dixital, canón, portátil para o profesor/a e servidor de contidos en cada centro). Vantaxes e desvantaxes de contar cun ordenador por alumno/a: as dotacións son sempre benvidas, pero metodoloxicamente é moi difícil traballar cun portátil por alumno/a, sobre todo cando o que tentamos favorecer é o traballo colaborador; e economicamente resulta insostible polos problemas técnicos que hai que afrontar a medio e longo prazo. De todas formas, queda claro que o máis importante é que os medios existan e despois que os centros sexan quen de “apropiarse” deles para integralos no seu proxecto de centro.

– A maior inversión, o esencial, sería garantir as conexións á rede en todos os centros, algo que non se está a garantir: advírtese das condicións nefastas dalgúns centros no que á conexión a internet se refire.

– Cómpre repartir o orzamento de xeito máis lóxico e contando coa implicación do profesorado: debера partir a iniciativa do profesorado ou escoitarse a súa voz, o seu criterio, as súas demandas. Do contrario, o proxecto resulta artificial. O proceso é inverso ao desexable: habería que escoitar as demandas do profesorado e reflexionar sobre as propostas metodolóxicas que formula, en consonancia coas cales deberan dotarse os centros.

– Hai que apuntar tamén as dificultades eminentemente infraestruturais para soste os equipos.

– Podemos valorar como positivo todo o que supoña dotar aos centros de recursos? Débese racionalizar a dotación de recursos. A Consellería está a converter os medios en fins en si mesmos, cando a incorporación das ferramentas non supón, en por si, unha renovación pedagóxica nas aulas.

– Forte repercusión mediática que persegue a Consellería con este proxecto.

– A clave radicaría na necesidade de que o centro se apropie do proxecto, o faga seu, o adapte ao seu proxecto de centro, como dixemos antes.

– Cataluña e Suecia frearon proxectos similares para repensalos.

• Semella evidenciarse que esta iniciativa responde máis a criterios de imaxe e interese político, que a obxectivos de carácter eminentemente educativo. A repercusión mediática sitúase por riba da coordinación, a formación e a organización dos centros, dificultando unha implantación coherente e racional.

• Reparto desigual en distintas comarcas en canto a centros públicos e privados: polo baixo, preténdese dotar prioritariamente ou, cando menos, favorecer o ensino privado.

• O aspecto clave sería o metodolóxico, o plano das implicacións pedagóxicas no marco da integración das TIC; mais semella non estar a terse en conta ou non ser a cuestión prioritaria. Evidénciase que, con ordenadores ou sen eles, a sociedade da información necesita cambios metodolóxicos na escola. Nese senso, hai unha ausencia clara de traballo no desenvolvemento de competencias informacionais.

• Os materiais a disposición do profesorado apenas existen e o propio uso das infraestruturas é tan pechado que mesmo dificulta o uso de alternativas de elaboración propia se necesitan outro tipo de programas.

• Hai eivas moi importantes que afectan á lingua na que se ofrecen os recursos, minorizando aínda máis a presenza dos recursos en galego.

• A Administración debера dotar as iniciativas horizontais, do profesorado. Ademais do anterior, ten a obriga de tomar a iniciativa, de formular e propor proxectos e, dentro deles, estimular incentivos para os centros: iniciativas dotadas e con apoios da propia Administración.

• Cómpre que a Administración garanta, asemade, unhas dotacións mínimas para todos os centros, equilibrando as súas condicións. Non basta con preocuparse soamente dos centros que polas súas características –de tamaño, localización, persoal co que conta, expectativas familiares, etc– poden poñer en marcha proxectos subvencionables; tamén os demais necesitan medios.

• Trátase dunha decisión que non é neutral, que destila unha obsesión pola cacharrada, cun formato moi pechado que dificulta as opcións para intervir.

## CENTROS PLURILINGÜES

– É preciso analizar a situación actual dos centros plurilingües: de 107 centros, 51 son concertados. En relación ás áreas: en primeiro termo sitúase Plástica, seguido de Coñecemento do Medio e Proxecto interdisciplinar.

– Cómpre incidir en que as licencias de estudos só se conceden para formación en linguas estranxeiras e para o proxecto Abalar, condicionando drasticamente as posibilidades formativas do profesorado.

– É necesario revisar con detemento a proposta xeral do Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras, un de cuxos obxectivos semella ser converter as seccións bilingües en centros plurilingües.

– Esquecemento da lusofonía, das posibilidades da escola do portugués como segunda lingua nos centros, adoitando priorizarse outras coma o alemán ou francés.

– Carencia de formación suficiente por parte dos docentes en linguas estranxeiras.

– Marcada compoñente de mercadotecnia que conteñen as iniciativas da Consellería: artella os centros plurilingües para singularizarse e ir máis aló das seccións bilingües, que era unha iniciativa experimental, cando a diferenza non é moita, mesmo ridícula se temos en conta que significa nada menos que o cambio do nome oficial do centro.

– Semella preciso analizar os pros e contras de embarcarse nas estratexias de mercadotecnia: parece claro, de todas formas, que debemos pór en valor o que se fai nos centros públicos para dar unha imaxe da escola pública acorde co que esta supón, sen falsas modestias nin fachendas.


– Advírtese do posible financiamento indirecto – moitas veces manifestamente ilegal– do ensino concertado por medio destes proxectos en detrimento da pública.

• Malia non cuestionando a priori este tipo de iniciativas, enténdese que cómpre acoutalas e racionalizalas.

• O goberno fai aparecer estas iniciativas como contraposición á preocupación pola normalización lingüística; nós debemos aclarar a viabilidade (e necesidade) de ambas.

• É preciso evitar que iso non signifique tamén a creación dunha vía de selección do alumnado que rompa coa heteroxeneidade dos grupos.

• É imprescindible atender á situación dos centros pequenos que non poden acceder ás axudas:



potenciais situacións de inxustiza e desequilibrio manifesto.

• Necesidade de racionalizar a mercadotecnia da Administración que, cambiándolles o nome aos centros, inventan algo que ten unha consistencia escasa (a denominación dos centros non é banal, senón que ten un porqué). De todos os xeitos, tamén nesta iniciativa cómpre a “apropiación” polos centros, como pasaba coa anterior.

• Denuncia da excesiva focalización na lingua inglesa, así como da errónea perspectiva didáctica á hora de desenvolver as sesións noutra lingua (na praxe, o esencial sería atenderlle á compoñente pedagóxica no ensino das linguas, o que pola contra semella estar ocupando un posto secundario).

• Estas dúas iniciativas favorecen moito o ensino privado concertado, tanto dende o punto de vista cualitativo –condicións nas que se desenvolven e expectativas que mobilizan– como dende o cuantitativo –a incidencia descaradamente maior en termos porcentuais e a apertura de vías de sobre-financiamento destes centros– que aparecerán moi maioritariamente como centros “tecnificados” e “plurilingües” mentres os públicos serán comparativamente moitos menos.

## FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

– Algúns datos cuantitativos de relevancia: Diminución dun 25% do persoal o curso pasado e outra redución (10%) neste curso. Diminución consecuenta do número de actividades, sobre todo na formación en centros. Peche das seccións e creación dunha rede reducida de centros asociados. Desaparición do CFR de Santiago. Diminución dos orzamentos, especialmente debido ao convenio co MEC sobre o Proxecto Abalar. Desaparición das licencias por estudos para rematar graos/licenciaturas/teses. Redución ostensible da contía dos reintegros individuais (250 euros para Galicia; 400 para o resto do Estado e 800 para o estranxeiro). Desaparición da matrícula gratuita na Universidade, mesmo para os propios funcionarios da Consellería.

– Estamos ante un cambio de modelo máis tendente á centralización (e redución) da formación en servizo, á desaparición práctica da horizontalidade, con estas evidencias: Creación dun supracentro de carácter nacional, o CAFI, que será quen planifique e deseñe a formación, xestione a formación a distancia e mesmo asesore á zona do desaparecido CFR de Santiago. Terá un carácter dependente da Consellería, que será quen nomee a dirección. Provisionalidade e dependencia, funcional e administrativa, das persoas asesoras e directoras dos CFR e do propio CAFI, que serán renovadas ou confirmadas (avaliación por medio) anualmente. Desaparición da autonomía dos CFR: non terán proxecto propio nin órganos colexiados de dirección (agás os de carácter interno). Desaparición ou redución das modalidades máis dependentes da iniciativa do profesorado: nos grupos de traballo e PFAC haberá dúas liñas, unha exclusivamente para Abalar. Fomento da formación a distancia, mesmo en temas nos que a presenza e o intercambio persoal son imprescindibles. Selección polémica e ocultista do persoal das estruturas de formación.

• Atopámonos ante datos cuantitativos alarmantes en relación á evolución da oferta e xestión da formación docente no país.

• Advírtese unha uniformación da formación do profesorado e, ante todo, do cambio de modelo na formación: o esencial é a mudanza no xeito de afrontar a formación do profesorado, limitando e diminuíndo a posibilidade de que as iniciativas formativas teñan un carácter interactivo: actividades cun nesgo tecnicista e con predominio abafante da modalidade curso (presencial e a distancia). Fomento da formación a distancia, mesmo en temas nos que

a presenza e o intercambio persoal son imprescindibles. As propostas de formación dixital están acaparando o mercado, a oferta, o cal semella entroncar coas demandas e preferencias dunha considerable porcentaxe de profesorado.

• Estamos ante un cambio de conceptualización e xestión máis tendente á centralización (e redución) da formación en servizo, á desaparición práctica da horizontalidade, das modalidades máis dependentes da iniciativa do profesorado (nos grupos de traballo e PFAC haberá dúas liñas, unha exclusivamente para Abalar). Apúntase pois a que esta clase de estratexias da xestión da formación poidan limitar as posibilidades dos centros para desenvolver de xeito conxunto proxectos colectivamente construídos

• Cal é a incidencia actual deste cambio no marco dos centros? Contátase que o profesorado aínda non se decatou –por mor da potencial desinformación á que está aparentemente sometido nese senso por parte da Administración– de que está a mudar a política de formación do profesorado. Así, se os CFR estaban instaurados plenamente na cultura profesional do profesorado, xorde unha cuestión inquietante: a quen recorrerán agora os docentes?

• Cómpre incidir na relación entre esta política formativa e outros proxectos, como Axenda 21, Proxectoterra, Climántica ou Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares, antes difundidos e/ou coordinados e apoiados polos centros de formación.

• Apúntase a tendencia á externalización da formación, pero dende unha perspectiva restritiva e centralizadora, excluindo todas aquelas iniciativas que non entronquen coas liñas programáticas da Consellería, pechando as portas a propostas como as dos MRP, que ofertan posibilidades diferenciadas e alternativas.

• É preciso analizar as consecuencias da desaparición dalgúns dereitos adquiridos do profesorado no plano da formación permanente, como a abolición da matrícula gratuita na universidade ou a supresión das licenzas de estudos para rematar teses ou estudos superiores.

## A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EN TEMPOS DE CRISE

• En tempos de crise, quen paga maioritariamente as consecuencias dos recortes en educación? (Advírtese do risco de que o urxente nos faga esquecer o importante, o substantivo, e lle atendamos só ao adxectivo).

• Tocante ao borrador do Decreto de atención á diversidade, é necesario denunciar moitos dos elementos regresivos en comparanza co marco lexislativo anterior; como por exemplo, a posibilidade de crear aulas de “educación especial” en todos os centros ou a propia nomenclatura empregada para referirse á diversidade ou á praxe profesional neste contexto (que segue a denominarse “Pedagogía terapéutica”). O borrador do devandito Decreto suporía un retroceso no plano da inclusión educativa.

• No campo da diversidade, e en relación cos políticas da Administración, resulta manifesta a tendencia á limitación de medidas orientadas a conseguir a equidade no sistema. Agora, cando hai recortes, prexudícase aínda máis a diversidade, son aínda máis os prexudicados.

• Podemos permitir retrocesos despois do esforzo feito por tantos alumnos e alumnas, tantos profesores e profesoras, e tantas familias para conseguir unha mellor atención á diversidade e unha maior equidade na educación?

• Dende a Consellería incídese no discurso da igualdade entre os centros á hora de negaren determinados recursos; unha igualdade que é totalmente ficticia. Apúntase que, ademais dos recortes e das limitacións das dotacións, danse asemade dificultades manifestas nos centros para xestionar os recursos. Atendendo aos recursos dos que dispoñemos, cómpre distribuílos de xeito que se atenda tamén prioritariamente o alumnado con risco de exclusión, pois os apoios e axudas para eses alumnos/as son limitados e condicionan as súas posibilidades de éxito formativo e vital.

• Paulatina supresión dos programas de diversificación curricular no ensino secundario e impulso dunha política de redución de persoal e incorporación de profesorado de calquera especialidade, que está asumindo o labor antes encomendado aos especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica.

• Dificultade de chegar a un consenso en relación coa propia conceptualización da diversidade e a inclusión: a diversidade é todo o alumnado, non só o



alumnado inmigrante ou con necesidades educativas especiais.

• A cuestión da abordaxe do borrador do Decreto transloce asemade a escasa sensibilidade xeral que existe entre as organizacións sindicais en relación coa diversidade. É preciso denunciar que non só a Administración, senón o conxunto do profesorado non somos excesivamente sensibles cara a esa cuestión, debendo salientarse a importancia de que esa sensibilización en relación coa atención á diversidade sexa asumida e vivenciada polo conxunto do profesorado. E para que haxa algunha posibilidade de que a idea que se ten maioritariamente nos centros sobre a atención á diversidade vaia mudando, enténdese que cómpre dirixir a formación do profesorado nesa liña, como un obxectivo máis do sistema. Así, cobra relevancia a importancia da formación inicial do profesorado no plano da atención á diversidade e na loita por acadar unha maior equidade na educación.

• As cuestións que afectan á diversidade teñen unha dimensión transversal evidente, de maneira que sería imprescindible que en todas as decisións organizativas e académicas que se tomen nos centros e por parte do propio profesorado se consideren as consecuencias que se derivan para a imprescindible atención á diversidade nunha liña inclusiva. Por exemplo, habería que evitar a segregación que poden supoñer algunhas decisións sobre os grupos nos centros/seccións plurilingües.



## O DECRETO PARA O PLURILINGÜISMO

– Despois dun proceso traumático de redacción, con ata catro manifestacións multitudinarias e con infinidade de iniciativas contrarias –entre as cales cabe citar o nacemento de novos colectivos centrados na defensa do idioma e a publicación de fundamentados informes como os elaborados por NEG–, o DOG do 25 de maio de 2010 publica o titulado Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Nel márcanse algunhas materias que deberán ser impartidas en galego e –por primeira vez na historia– outras que deberán selo en castelán, ao tempo que se deixa aberta a posibilidade de incorporar unha lingua estranxeira –o inglés, nomeadamente– como lingua vehicular.

A finais do ano 2009, o goberno presentara un documento para o debate que establecía en Educación Primaria, ESO e Bacharelato un 33% do horario lectivo en galego, un 33% en castelán e un 33% en lingua(s) estranxeiras(s). Na primavera de 2010 fixera pública unha nova versión do borrador, na que rebaixaba as súas pretensións de introdución das linguas estranxeiras como vehiculares e na que lles outorgaba ás familias capacidade de decisión sobre as linguas que se debían empregar cos seus fillos/as no ensino. A normativa en vigor ata maio de 2010 –o Decreto 124/2007– garantía o 50% da docencia en galego, mentres que a anterior –o Decreto 247/1995– xa contemplaba ese 50%.

– Semella non ser xa posible pensar que os bos argumentos pedagóxicos, lingüísticos, sociolingüísticos etc. van ter algunha influencia no deseño da

política educativa e a súa vehiculación lingüística no sistema educativo.

– É certo que a brutal agresión e a infravaloración do noso provocou nestes dous anos abondosas reaccións desde practicamente todos os colectivos e institucións, e mesmamente xurdiron novas iniciativas ao abeiro da desfeita, imprescindibles todas elas. Agora cabe a pregunta, foron eficaces?

– Deberíase poñer o acento sobre a análise política, tanto nos erros do anterior goberno autonómico — moitos e grosos— como nas ideoloxías e estratexias dos partidos centralistas, que de manteren as formas na etapa anterior pasaron xa a unha ofensiva global: recentralización, recentralización, recentralización...

- Xorden dúas cuestións esenciais: Como se consegue coa lexislación actual a competencia nos dous idiomas? De que xeito este novo Decreto ataca os alicerces da escola pública galega defendidos por NEG?

- Cómpre denunciar os ataques diversos que o novo marco normativo supón para o ensino en lingua galega: ataques a denominacións, estruturas, orzamentos, profesores/as, familias, horarios, proxectos educativos de cento, aos medios de comunicación, ás voces críticas e discordantes... Enténdese que se está a legalizar a agresión (consulta ás familias) e a baleirar de contido a lexislación vixente (Lei de Normalización Lingüística).

- Ante esta situación, evidénciase a necesidade de traballar cara a fóra, cara ás familias e á sociedade, artellando unha estratexia de información rigorosa e profunda sensibilización en relación coa situación

real da lingua galega e coas consecuencias nefastas da aplicación do Decreto no ensino.

- Como afecta isto aos centros? Como se está a vivir e cales son as consecuencias prácticas da aplicación da lexislación? A resposta semella ser pouco alentadora, xa que parece que nos centros, en xeral, as cuestións da normalización lingüística non forma parte das preocupacións prioritarias do profesorado. Parece que en cada centro o profesorado está a elixir con aparente liberdade e sen maior criterio a lingua na que vai impartir a súa materia, sen máis. Malia todo, existen algunhas accións e estratexias de insubmisión silenciosa por parte do profesorado ao cumprimento do Decreto.

- Constatase novamente que a prioridade da Administración é a imaxe que se traslada á sociedade: fáchendése de contar xa cun ensino dirixido cara ao plurilingüismo, de xeito que non preocupan as pequenas reaccións discordantes por parte dalgúns grupíños docentes, que son ignoradas (pola inspección).

- Cómpre analizar polo miúdo o concepto mesmo de plurilingüismo, que se asenta nunha estratexia ou discurso de equidade nas linguas que hai que revisar minuciosamente e que, na súa aplicación á nosa realidade, presenta contradicións evidentes.

- É preciso retomar o Modelo de Normalización proposto por NEG e alentar outras miradas e iniciativas na liña da defensa da lingua galega no ensino.



## CONVIVENCIA

- O estado da cuestión nas distintas autonomías non é homologable, aínda que en xeral se aprecia unha preocupación das administracións por legislar neste eido, sendo Galicia unha das que menos o ten feito.
- Cales son as consecuencias da implantación da Lei de convivencia e participación da comunidade educativa? Neste curso, cando se aproben os regulamentos de réxime interno dos centros, cómpre que estes non se convertan nunha listaxe de sancións e medidas punitivas; isto é, que o novo marco legislativo non sirva para rebaixar ou tirar abaixo as iniciativas anteriores en relación coa convivencia e coa integración.
- É necesario analizar o discurso da liberdade como aquel no que se asentán, fundamentan e xustifican todas as medidas que se están a promover...
- Empeño por simplificar aquilo que é complexo: "a Administración entende que, no plano da convivencia, con converter o profesorado en autoridade pública é máis que suficiente"...



- Cómpre retomar e afondar nas bases do Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar de Galicia proposto por NEG.

## PARTICIPACIÓN

- Participar é co-decidir. Participar é ser protagonista. Participar é ter posibilidade e disposición para asumir responsabilidades. Participar é ser tid@ en conta. Participar é contrastar saberes, habilidades e capacidades que se aprenden. Participar é poder facer uso de canles, medios, espazos e tempos que se arbitran para o encontro e o diálogo. Participar é exercitar cidadanía.
- Velaquí algunhas das claves da participación: Querer (estar motivado para implicarse, para comprometerse, para integrarse en grupos ou colectivos nos que compartir e construír conxuntamente); Saber (aprender e exercitar o conxunto de habilidades e destrezas que potencian unha participación efectiva, áxil, útil: capacidade de escoita, reflexión, argumentación, empatía, receptividade...); e Poder (dispoñer de estruturas participativas accesibles, democráticas, eficaces).

– Nese senso, unha escola participativa sería: a que educa na democracia e na cidadanía, promovendo e posibilitando o exercicio do dereito e a obriga de participar e asumir responsabilidades; a que se organiza co protagonismo de todos os membros da comunidade educativa en todo o que lle afecta, construíndo unha democracia viva e vivida como experiencia de aprendizaxe; a que promove relacións de simetría e de aprendizaxe colectiva; a que pon nas mans dos nenos e nenas todo o que poden facer por eles mesmos; a que ensina os conceptos, procedementos e actitudes requiridos para o exercicio da participación democrática (habilidades básicas como: autoconñecemento, reflexión, argumentación, comunicación, diálogo, capacidade de autorregular as propias actuacións, resolución de conflitos, toma de decisións...); a que está aberta á colaboración con outros axentes sociais que comparten un proxecto educativo de comunidade; a que conta cun profesorado disposto a compartir o proceso educativo cos propios alumnos e alumnas, familias e outros profesionais da educación; a que articula os seus órganos de xestión superando representacións corporativas e non paritarias, propias de regulacións gremiais-estamentais; a que rompe a rixidez dunha organización escolar anacrónica que imposibilita o desenvolvemento de procesos educativos integrais e integrados nos contextos, e avanza na adecuación de tempos, espazos e recursos cunha perspectiva de máxima rendibilidade e aproveitamento para todos os membros da comunidade educativa e social; a que fai explícitos os valores de xustiza, solidariedade e autonomía dos suxeitos. A participación require, en primeiro termo,

crer en que cómpre educar nas diferenzas, no conflito, na xestión democrática do conflito... Para participar hai que querer, saber, ter oportunidades de debater, escoitar, intercambiar... E para iso cómpre dispor do tempo preciso, así como artellar canles serias de participación. Cómpre ter tempo, ocasión e formación.

- Quen é a comunidade educativa? Quen son os Consellos escolares? Somos todos/as... Incídese na necesidade de loitar contra o corporativismo que nos corroe, e que se erixe coma un dos principais bloqueos da participación democrática.
- O tema da participación conta con moitos matices, que hai que analizar dende unha mirada autocrítica, apuntándose que moitas veces é o profesorado o que pecha as portas dos centros, o que limita as posibilidades de implicación das familias, o que incumpré coas súas obrigas profesionais... (e as familias sábeno).

• É preciso aludir tamén á estratexia que o profesorado doutras comunidades autónomas (como a de Madrid) está a seguir para achegarse á sociedade e informar ás familias sobre o que realmente acontece nos centros e en relación cos recortes xerais en educación. Unha estratexia que resulta ser ben distinta á nosa. Cómpre achegarse máis estreitamente ás familias, contar coa súa colaboración e complicidade, desenvolver unha comunicación máis fluída, facer pedagogía con elas.

• Nesa liña, evidéncianse algúns xeitos de insumisión ou mesmo, neste caso, medidas de presión á Consellería, cun carácter máis belixerante, en resposta ás iniciativas políticas e aos recortes: proposta de supresión das actividades extraescolares nalgúns centros. Mais, de que xeito esa clase de medidas van en detrimento da calidade do ensino e dos dereitos dos nenos/as e as familias?

• Hai que salientar a importancia do desenvolvemento de proxectos colectivos nos centros, a importancia de incentivar e facer medrar as iniciativas que unen a comunidade educativa a prol da consecución de obxectivos comúns: promoción dun clima afectivo positivo, dunha conciencia colectiva e dun clima xusto e democrático. Nese sentido, enténdese que as medidas de presión dirixidas á Administración neste marco de retroceso político en materia de educación deben ser necesariamente construtivas.



## IX XUNTANZA DE ALUMNADO MEDIADOR



ORGANIZAN



COLABORAN



Lugo, do 15 ao 18 de outubro de 2009

Residencia Xuvenil LUG II  
PINTOR CORREDOIRA, 4 · 27002 LUGO

**PRÓXIMAS ACTIVIDADES**




☞ **VI Encontro de Debate sobre o Medio Rural: As Escolas de Emigrantes** - 23 e 24 de marzo - Escola "A Devesana" - Devesos - Ortigueira (A Coruña).

☞ **XXVI Encontro Galego-Portugués de Educadores/as pola paz** - 27, 28 e 29 de abril - Chaves (Portugal).

☞ **III Seminario sobre a Memoria: A Guerra e os Campos de Concentración** - 1, 2 e 3 de xuño - IES de Melide (A Coruña).

☞ **V Curso de Formación sobre o Patrimonio Lúdico** - Outubro 2012 .



NOVA ESCOLA GALEGA vén desenvolvendo unha campaña para convidar as persoas que teñan semellantes intereses na renovación pedagóxica e na galeguización -en definitiva, na consecución dunha escola pública, democrática e galega-, para que se engadan a nós.

Enviáronse aos centros educativos elementos da campaña, nos que se inclúen formularios de asociación e tamén da subscrición á Revista Galega de Educación. Podedes dirixirvos á nosa sede por calquera medio que vos resulte máis doado, para terdes información máis ampla ao respecto. Grazas.